

## Resumo da programación de lingua castelá e literatura

Materia	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	Curso / Ciclo	4º ESO
Profesor/a	Mª LUISA VIDAL MARIÑO		

### 1. OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO

1. Ler fluidamente en voz alta.
2. Expresarse oralmente en castelán en exposición de en torno a dez minutos.
3. Expresarse por escrito de modo adecuado ao tipo de escritos que se requira:
  - a. Ter unha caligrafía lexible.
  - b. Estructurar de modo axeitado en parágrafos.
  - c. Presentar os textos adecuadamente: marxes e sangría.
  - d. Usar axeitadamente o punto e seguido e a coma.
  - e. Construír oracións coherentes e cohesionadas e manter as concordancias.
  - f. Dominar a ortografía en palabras do léxico habitual.
  - g. Adecuarse á situación comunicativa.
  - h. Empregar os conectores e os medios de substitución para lograr cohesión.
  - i. Gardar coherencia na escritura.
  - j. Usar o léxico e sintaxe que correspondan ao nivel.
  - k. Recoñecer e empregar oralmente ou por escrito a estrutura dos textos explicitados nos contidos.
4. Comprender os textos orais e escritos adecuados ao nivel.
5. Identificar as clases de palabras nun texto.
6. Distinguir entre unidade e función.
7. Distinguir entre frase e oración.
8. Identificar a concordancia como mecanismo sintáctico.
9. Identificar as funcións da frase.
10. Identificar as funcións da oración incluíndo a de predicativo, complemento de réxime e o complemento axente.
11. Distinguir os tipos de oración composta e a súa repercusión na análise sintáctica.
12. Facer transformacións coas estruturas sintácticas traballadas.
13. Recoñecer nun texto as propiedades de adecuación, coherencia e cohesión.
14. Xustificar a tipoloxía textual dos textos previstos no programa.
15. Distinguir os procedementos de formación de palabras e diferenciar entre derivación e flexión.
16. Recoñecer e usar adecuadamente o rexistro formal e coloquial.
17. Recoñecer e valorar a variedade lingüística no español, en particular do español de América.
18. Recoñecer as principais relacións semánticas nun texto.
19. Ler e comprender cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, afeccións e intereses, o que se valorará a través dos libros de lecturas explicitados.
20. Valorar as obras de lectura incluídas na relación, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis lle chamaron a atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.
21. Ler as obras de lectura obrigatorias.
22. Localizar obras e autores cronoloxicamente e en relación co xénero e o movemento do que participan a partir do século XIX.
23. Xustificar as características fundamentais dos movementos.
24. Identificar a métrica e xustificar un romance, soneto e o versolibrismo.
25. Identificar os seguintes tropos e figuras retóricas: comparación, metáfora, símbolo, paralelismo, antítese, personificación, interrogación retórica, asíndeto/polisíndeto, hipérbato, hipérbolo, aliteración e anáfora.

### 2. CONTIDOS

#### PRIMEIRA AVALIACIÓN

##### -Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar.

1. Escoito e comprendo: O diálogo. A exposición académica. O debate. A video conferencia.
2. Amplío o léxico: O léxico do entorno (estrutura da palabra) O léxico do consumo (a derivación) O léxico das ideas (formación de substantivos) O léxico do mundo dixital (formación de adxectivos)

##### -Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.

1. Comentario de textos: *La tumba de Helena de Troya. La generación Z cambiará el mundo. Una arma poderosa contra el mal. Up & Coming: para no perderte nada. La geografía del miedo y del deseo.*
2. Elaboración dunha performance. Elaboración dun diagrama causa-efecto. Texto argumentativo. Elaboración dun videoblog. Unha carta o director.

##### -Bloque 3. Coñecemento da lingua.

1. As variedades da lingua.
  - 1.1. As variedades socioculturais.
  - 1.2. As xergas o o argot.
  - 1.3. As variedades estilísticas.
  - 1.4. Os rexistros.
2. As propiedades textuais.
  - 2.1. A adecuación
  - 2.2. A coherencia.
  - 2.3. A cohesión

##### - Bloque 4. Educación Literaria.

1. A Literatura do Século XVIII.
  - 1.1. O século das luces: contexto histórico e social.
  - 1.2. O Neoclasicismo e a literatura ilustrada.
  - 1.3. O ensaio ilustrado.
  - 1.4. O teatro ilustrado.
2. A Literatura do Século XIX.
  - 2.1. Contexto histórico e social.
  - 2.2. Romanticismo, Realismo e Naturalismo.
  - 2.3. O teatro romántico.
  - 2.4. A prosa romántica.
  - 2.5. A poesía romántica.
3. A Narrativa Realista e Naturalista.
  - 3.1. O realismo.
  - 3.2. O realismo en España.
  - 3.3. Benito Pérez Galdós.
  - 3.4. O Naturalismo
  - 3.5. *Leopoldo Alas, Clarín*

#### SEGUNDA AVALIACIÓN

##### -Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar.

1. Escoito e comprendo: Foro de debate. O video book. A mesa redonda de expertos. O discurso. A exposición científica. A definición.
2. Amplío o léxico: O léxico do optimismo (a formación de verbos) O léxico da terra (composición e parasíntese) O léxico do aire (elementos compositivos cultos) O léxico

da revolución (siglas e acrónimos) O léxico da auga (denotación e connotación) O léxico do exotismo (recurso expresivos da linguaxe cotiá)

### - Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.

1. Comentario de textos: 144 horas. Carta de un ilustrado. *Carta LV de Gacel al Ben Beley* (Cadalso) *Una leyenda romántica* (Bécquer) Cuento naturalista: *La conversión de Chiripa*. (*Clarín*) Poema de Antonio Machado *A orillas del Duero*.
2. Elaboración dunha campaña de concienciación. Elaboración dun ensaio. Elaboración dunha carta a partires dun correo electrónico. Elaboración dun diagrama de fluxo. A descripción dun cadro.

### -Bloque 3. Coñecemento da lingua.

1. A Oración Simple.
  - 1.1. Oración: concepto e estrutura.
  - 1.2. Os complementos do verbo.
  - 1.3. Clasificación das oracións
2. A Oración Composta. (I)
  - 2.1. Oracións con máis dun predicado.
  - 2.2. Xusxtaposición, Coordinación e Subordinación
  - 2.3. Clases de oracións coordinadas.

### - Bloque 4. Educación Literaria.

1. A Literatura de fin de século
  - 1.1. Modernismo e Xeración de 98.
  - 1.2. A renovación da poesía: Rubén Darío.
  - 1.3. A poesía de Antonio Machado.
  - 1.4. A novela de Fin de Século.
  - 1.5. As novelas de Unamuno e Baroja.
  - 1.6. O teatro de Valle-Inclán.
2. Novecentismo, Vangardas e Grupo do 27.
  - 2.1. O século XX ata 1939: contexto histórico e social.
  - 2.2. A cultura na primeira metade do século XX.
  - 2.3. O novecentismo.
  - 2.4. Juan Ramón Jiménez.
  - 2.5. As vangardas.
  - 2.6. A Xeración do 27.
  - 2.7. Federico García Lorca.

## TERCEIRA AVALIACIÓN

### -Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar.

1. Escoito e comprendo: A declamación de poemas. Comentario dun cadro. A narración fantástica. A improvisación teatral.
2. Amplío o léxico: O léxico da sicoloxía (o cambio semántico) O léxico da imaxe (locucións e frases latinas) O léxico do esoterismo (os préstamos) O léxico da escena (os neoloxismos)

### - Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.

1. Comentario de textos: Un poema de G. Lorca: *La aurora de Nueva York*. Un poema actual: *Life vest under your seat* (G. Montero) Una novela contemporánea: *Safarat* (Muñoz Molina) Una obra de teatro actual: *Método Grönholm* (Jordi Galcerán)
2. Os poemas vangardistas. Os poema visuais. Elaboración dun relato fantástico. A publicidade dunha obra teatral.

### - Bloque 3. Coñecemento da lingua.

1. A Oración Composta (II)
  - 1.1. As oracións subordinadas substantivas.

## Resumo da programación de lingua castelá e literatura

- 1.2. Clases de oracións subordinadas substantivas.
- 1.3. As oracións subordinadas adxectivas.
- 1.4. O nexo relativo e a súas funcións.
- 2. A Oración Composta (III)
  - 2.1. As oracións subordinadas adverbiais.
  - 2.2. Oracións adverbiais propias.
  - 2.3. Outras construcións adverbiais.

### - Bloque 4. Educación literaria.

- 1. A Lírica posterior ao 39.
  - 1.1 Contexto histórico e social.
  - 1.2. Contexto cultural.
  - 1.3. Miguel Hernández.
  - 1.4. A poesía de posguerra.
  - 1.5. A poesía social.
  - 1.6. Os poetas de medio século.
  - 1.7. Os Novísimos.
  - 1.8. Tendencias actuais. Poesía da experiencia.
- 2. A Narrativa posterior ao 36.
  - 2.1. A narrativa nos anos 40 e 50.
  - 2.2. A renovación narrativa dos anos 60.
  - 2.3. A narrativa ata a actualidade.
  - 2.4. A narrativa hispanoamericana.
- 3. O Teatro posterior ao 39
  - 3.1. O teatro do humor.
  - 3.2. O teatro social.
  - 3.3. O teatro experimental.
  - 3.4. O teatro da actualidade.

### LECTURAS OBRIGATORIAS

	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
1º AVAL.	<i>Sin noticias de Gurb</i> <i>La aventura del tocador de señoras</i>	E. MENDOZA	SEIX BARRAL
2ª AVAL.	<i>Don Juan Tenorio</i>	J. ZORRILLA	CASTALIA
3ª AVAL.	<i>La casa de Bernarda Alba</i>	F. GARCÍA LORCA	CÁTEDRA

### 3. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

**1. Avaliación inicial.** Ao comezo de curso realizarase a todos os alumnos unha proba con obxecto de avaliar as capacidades e os coñecementos básicos da materia. Esta proba soamente terá carácter informativo.

**2. Avaliación dos libros de lectura.** A lectura obrigatoria de polo menos un libro por trimestre será avaliada a través de probas ou traballos escritos ou a través de probas orais. A cualificación positiva desta tarefa poderase utilizar para subir a cualificación final do alumno. As lecturas e os seus Correspondentes traballos teñen carácter obrigatorio e non cumprir con esta tarefa supoñerá suspender a materia, aínda tendo superadas as probas de coñecemento da materia.

**3. Cualificacións trimestrais.** Para obter a cualificación trimestral poderase facer unha ou dúas probas escritas das unidades didácticas impartidas que incluírá exercicios e actividades

## Resumo da programación de lingua castelá e literatura

dos elementos que estruturan ditas unidades. A probas de avaliación realizadas ao longo de cada trimestre cualificaranse como segue:

- **60%** exames trimestrais
- **10%** control sobre a lectura obrigatoria
- **30%** avaliación de traballos, caderno, exposicións, etc.

Poderase descontar ata un máximo de **2 puntos** pola reiteración de faltas de ortografía e/ou presentación deficiente, axustándose aos criterios:

- **-0,25** por cada dous acentos inexistentes ou mal colocadas.
- **-0,25** por cada falta.
- **-0,25** por ilexibilidade, ausencia de marxes ou mala presentación de traballos ou exames.

A superación dos mínimos exixibles alcanzarase cun 5.

A **falta de asistencia a calquera proba** previamente fixada, oral ou escrita, **debe ser xustificada** con xustificante médico ou similar de carácter oficial. Non se considerará válida a xustificación familiar. En caso de carecer de xustificante oficial, a calificación de la prueba será de **0 puntos**.

### 4. ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN

O alumno coa materia pendente do curso anterior poderá recuperala presentándose a **dúas probas parciais**: unha que se realizará entre os meses de **xaneiro e febreiro** e outra, no mes de **maio**.

A primeira delas terá carácter eliminatorio, é dicir, si o alumno supera ese primeiro parcial solo presentarse ao exame de maio coa parte da materia que ten pendente de recuperar. Non obstante, aqueles alumnos que non superen ese primeiro parcial, terán que presentarse a un exame global en maio para recuperar a totalidade da materia

Para facilitar a preparación desta proba, farase entrega ao alumno de **dous boletíns de actividades** que contribuirán a facilitar o estudo de ditas probas e que deberá presentar no prazo indicado polo profesor do seu grupo. O primeiro boletín de actividades será recollido no mes de novembro e o segundo, no mes de abril.

Os criterios de cualificación se detallan a continuación:

- **50%** da nota: cualificación dos exames parciais ou, no seu caso, do exame global final.
- **50%** da nota: boletín de actividades.

Será necesario alcanzar a cualificación de **tres (3)** na nota do exame para facer media coa nota do traballo.

Os exames de recuperación de pendentes basearanse nos contidos mínimos e nos criterios de avaliación establecidos na programación didáctica para cada un dos cursos obxecto de recuperación.

#### **Sistemas de recuperación de avaliacións suspensas.**

Realizaráanse recuperacións das avaliacións suspensas. As recuperacións de cada avaliación poderanse elaborar ao principio da seguinte; ou ben, darase a posibilidade de presentarse a un exame final global de toda a materia.

#### **Aviación extraordinaria de setembro.**

O alumnado realizará unha proba escrita concibida para tal fin, de semellantes características á proba final de curso. Os exames de recuperación de setembro basearanse nos contidos mínimos e nos criterios de avaliación establecidos na presente programación didáctica.

## **Resumo da programación de lingua castelá e literatura**

O alumno suspenso poderá realizar un cadernillo opcional que entregará o día do exame de setembro e que lle será tido en conta de xeito positivo.